



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 20 DE XUÑO DE 2013**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ  
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte de xuño de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D. Fco. Javier Bouza Bermudez, D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro, e D. Marcos Rodríguez Calvo, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 21 DE MAIO DE 2013**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e un de maio de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o pleno municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. CERTIFICACIÓN NÚMERO 3 E DERRADEIRA DA OBRA PORTAL DE ENTRADA AS FRAGAS DO EUME - A CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción polas Directoras de obra da certificación número 3 e derradeira da obra "Portal de entrada ás Fragas do Eume", que ascende á cantidade de 65.609,22€ IVE engadido; que executa a empresa Huso 29 estudios y construcciones S.L., dí o Sr. Alcalde que a obra está rematada agás uns pequenos detalles como radiadores que non lle foron subministrados polo proveedor pero que se colocarán mañá venres.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández dise que fai a reflexión de que si existe a solvencia económica por parte do Concello como se dixo e non se tarda en pagar a obra puido ser feita por calquera empresa independentemente que fora solvente ou non.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, maniféstase no mesmo sentido que o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, reiterando o xa dito con motivo da aprobación das outras certificacións de obra.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación por unanimidade, dos Sres/Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a certificación de obra número 3 e derradeira da denominada "Portal de entrada ás Fragas do Eume - A Capela", que ascende á cantidade de 65.609,22€ IVE engadido.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas dez minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

Manuel Meizoso López

**O Secretario**

José A. Meizoso Paz